

Asemblea Xeral Ordinaria da FGCMF de 8 de xuño do 2007

Hora: 19,30 1ª Convocatoria.
20,00 2ª Convocatoria.

Lugar: Sociedade Cultural de a)
Cambados

ORDE DO DÍA:

1. Lectura e aprobación, se procede, das actas ordinaria e extraordinaria do 24 de marzo.
2. Informe de Xestión. Na Beira 08
3. Desprazamento a Portugal.
4. VIII Encontro de Embarcacións. Situación
5. Desprazamento de embarcacións para Ferrol
6. Elección parcial da Xunta Directiva
7. Convocatoria do IX Encontro de Embarcacións
8. Entrega *d' O Apupo* nº 12.
9. Asuntos varios: a) Entrada dunha nova asociación
b) Novo logo da FGCMF
c) Outros asuntos
10. Rogos e preguntas

Comeza a Asemblea ás 20,00h en segunda convocatoria ó non haber o quórum necesario na primeira convocatoria ás 19,30h.

A mesa que preside a Asemblea está formada polos seguintes membros da Xunta Directiva:

| | |
|---------------|----------------------------|
| Presidente: | Fernando Piñeiro Oubiña. |
| Vice-Pres. 1º | Francisco Fernandez Rei |
| Vice-Pres. 2º | João Paulo Moreira Batista |
| Tesoureiro | Javier Moraña Fontán |

Escusan a súa ausencia os vogais Arturo Loureiro e Osvaldo Davila e o secretario Uxío Allo. O Vicepresidente F. Fernández Rei actúa de secretario.

Asiste representación das seguintes asociacións membros da FGCMF:

1 Mar da Pedra, 2 Breadouro, 3. Escola Obradoiro Mar de Vigo, 4 Etnográfico Mascato, 5 Mariñeiros de Bouzas, 6 AET Coruña, 7 Dorna Meca, 8 Dorna de Portonovo, 9 A Fasquía, 10 Dorna da Illa da Arousa, 11 Sueste, 12 Clube de Mar de Ferrol, 13 Calmoseira, 14 Rabandeira, 15 Os Galos.

Tamén están representadas as seguintes asociacións colaboradoras:

1. Clube Mariño Salnés, 2 Barcos do Norte
- 2.

Asisten como invitados dous membros do Clube Marítimo "Marisma" da Ramallosa.

1. Lectura e aprobación, se procede, das actas ordinaria e extraordinaria do 24 de marzo.

Adiase este punto porque non se enviaron as actas ás asociacións.

2. Informe de Xestión. Na Beira 08

3.

O presidente Fernando Piñeiro informa sobre a presenza da Federación en Expomar de Burela, que resultou interesante e positiva; a presenza no Museo Marítim de Barcelona, que non resultou todo o positivo que se agardaba; e a presenza en Noruega, onde acudiu en representación da Federación, convidado por Cetmar de Vigo, onde se contactou con estudosos do patrimonio marítimo de Irlanda e Noruega. Sobre esta positiva viaxe, permitiu contactar con xente moi diversa que traballa na recuperación de barcos tradicionais, lembra que mandou unha detallada crónica á web da Federación.

Tamén informa que comezou a súa singradura en Bouzas o proxecto Na Beira 08, onde figura a a exposición *Patrimonio do vento e do sal*, realizada por membros da Federación, tal como se informara na asemblea de marzo, xunto con obradoiros dos responsables do Hidria II e cun moi activo papel dos Mariñeiros de Bouzas na xornada inaugural, xunto coa presenza en terra dunha dorna polbeira aparelada por Uxío Allo e unha ghamela coruxeira aparelada por Jorge de Breadouro. O proxecto xa estivo en varios portos, cun excelente tratamento a nivel mediático e con desigual axuda por parte das asociacións. A nortada e o moito frío desluciron en certo modo o proxecto en Bueu, no que tanto traballaron "Os Galos", o que non pasou en Vilagarcía, onde, á parte de moitos visitantes, acudiron moi diversos barcos da ría da Arousa, particularmente da Illa e de Vilanova

Lino Prieto di que sería necesario que houbera unha persoa nos barcos para dar explicacións ós visitantes; e se non, poñer carteis explicativos con datos técnicos fundamentais.

O vicepresidente Francisco Fernández Rei informa que, en principio, se prevé que esa exposición se amplíe con vistas a Ferrol (e logo a Brest), particularmente nos paneis centrais relativos ás embarcacións, que son a parte esencial da exposición.

Bedoya pide que para a exposición se teñan en conta as asociacións, xa que poden achegar fotos e planos, á vez que tamén pide que se lles envíe o guión dos paneis a todos os membros da Federación. Fernández Rei di que os responsables da exposición pretenden que se reflicta da mellor maneira a tipoloxía de embarcacións de toda a costa galega, e que queren contar con todo o mundo; e lembra que na última asemblea ordinaria, a de finais de marzo, el mesmo pediu que cada asociación da Federación lle enviase a Luis Rei, coordinador da exposición, un par de fotos de embarcacións da súa zona, unha vella e outra moderna.

4. Desprazamento a Portugal.

O vicepresidente João P. Baptista, de Barcos do Norte, informa do Encontro de Moliceiros que se vai celebrar en Aveiro, do 27 ó 29 de xullo, encontro do que a FGCMF é membro da Comisión de Honra. En Aveiro vaise realizar unha mostra ibérica de embarcacións no canal da ría, pero a navegación vaise facer só con rabelos e moliceiros.

Fernando Piñeiro considera que a FGCMF ten unha débeda permanente con Portugal, e que debemos estar en Aveiro, porque os portugueses sempre apoiaron os encontros de embarcacións de Galicia.

João P. Baptista tamén informa do encontro de Vila do Conde.

5. VIII Encontro de Embarcacións. Situación

Manuel Alonso Varela, do Clube do Mar de Ferrol, informa que se está a fechar o programa do VIII Encontro e que practicamente está ultimado o do pavillón dos museos. Bedoya, tamén do Clube do Mar, pide que os barcos grandes que veñan por terra indiquen o peso.

6. Desprazamento de embarcacións para Ferrol

Fernando Piñeiro informa que o desprazamento dos barcos para o Encontro de Ferrol está subvencionado e que se organizará por puntos de embarque por rías. Bedoya pide información dos barcos grandes que van ir a Ferrol. Fernando Piñeiro di que o pailebote *Nieves* xa confirmou a asistencia.

7. Elección parcial da Xunta Directiva

Fernando Piñeiro informa que se produciron dúas baixas na Xunta Directiva, a dos vogais Manuel Alonso Varela e Arturo Loureiro, e habería que cubrir esas baixas. Ninguén dos asistentes á asemblea se postula para ser vogal da Xunta Directiva.

8. Convocatoria do IX Encontro de Embarcacións

Fernando Piñeiro propón que desde este momento quede aberto o prazo para as candidaturas do IX Encontro, o que se aproba por asentimento.

9. Entrega d' *O Apupo* nº 12.

Fernando Piñeiro informa de que xa se editou *O Apupo* nº 12, e que no remate da asemblea se procederá ó seu reparto entre as asociacións.

10. Asuntos varios:

a) Entrada dunha nova asociación. Fernando Piñeiro dálle a palabra a un dos invitados á asemblea, membro do *Clube Marítimo Marisma*, da Ramallosa, que quere entrar na FGCMF presentado pola *Asociación Cultural "Gameleiros". Breadouro*, de Canido-Vigo. O representante do Clube Marisma informa que teñen a sede no casino de Sabarís-Baiona, que o seu ámbito de acción en Nigrán e Sabarís, que pasaron de 8 a 25 membros na actualidade e que un dos seus obxectivos é a recuperación da ghamela.

b) Novo logo da FGCMF. Fernando Piñeiro presenta unha proposta dun novo logo da Federación elaborado polo deseñador Pepe Barro. Manuel Alonso, que foi quen contactou con Pepe Barro, di que, segundo o deseñador, ese é o logo noso, porque é a bandeira marítima, e que o branco simboliza unha onda mariña.

Prodúcese un intenso debate, sen que convenza plenamente o novo logo, á vez que diversas intervencións consideran que en ningún caso se debe retirar o logo tradicional da Federación. Acéptase por asentimento total a proposta de Trepát, de Dorna de Portonovo, de que se abra un prazo na web para que os membros das asociacións opinen, antes de tomarse ningunha decisión.

10. Rogos e preguntas

Trepapat pregunta polos **seguros** e o carné do 2007. Fernando Piñeiro contéstalle que cada asegurado ten que ingresar 10 euros na conta da Federación, para así xustificar o seguro, e que ese carné xa é o carné de membro da FGCMF.

Trepapat pregunta pola distribución de **Ardentía** en Santiago de Compostela, porque di que non se encontra en varias librarías que visitou. Fernández Rei informa que o punto de distribución é a Librería Couceiro, que desde o primeiro momento nos deu un excelente trato, pois colócaa no escaparate, facilita a presentación dos diversos números e sempre ten números á venda; pero a finais de abril a librería Couceiro fechou porque se vai trasladar a un novo local, que están arranxando e que esperar inaugurar a finais deste mes ou comezos de xullo. Trepapat comprométese a levarlle exemplares á librería Pedreira, de Santiago, dado que o seu dono manifestou interese en vendela.

Lino Prieto informa de que no Grove **Ardentía** pode adquirirse en catro librarías. E hai outras intervencións sobre a presenza e ausencia. Fernández Rei di que hai tempo se colgou na web da Federación unha listaxe cos puntos de venda de **Ardentía** en librarías das cidades e grandes vilas, e que de momento temos que seguir levándoas nós a esas librarías porque unha distribuidora quedaría, polo menos, co 50% do valor de cada número.

Fernando Piñeiro fala da necesidade de tratar con Portos de Galicia a problemática das embarcacións tradicionais e o tema dos **atraques**, e propón que se cree unha comisión que analice o tema. Trepapat e Lino Prieto constitúen esa comisión, quedando aberta a posibles incorporacións.

O representante do Clube Marisma da Ramallosa pide que se defendan os mortos xa legalizados nos portos, por tratarse de fondeadoiros históricos. Luis, de Rabandeira, considera que é necesario presionar, mesmo manifestarse dada a importancia do tema dos atraques.

Hai diversas intervencións, entre elas a de asistentes da zona de Vigo que comentan a ignorancia de autoridades que lles pediron que demostrasen que a ghamela era unha embarcación tradicional.

João P. Baptista insiste na necesidade de elaborarmos unha listaxe de embarcacións tradicionais, xunto coa ficha de cada barco. Verbo disto, Braulio **Puga**, de Mariñeiros de Bouzas, informa que eles teñen practicamente redactadas fichas técnicas de cada barco que vai figurar no seu pantalán de Bouzas.

E non habendo máis asuntos que tratar, dáse por rematada a assemblea ás 22,10 h

Cambados, 24 de marzo do 2007

O Secretario accidental:
Francisco Fernández Rei

Vº e Pr.
O Presidente:
Fernando Piñeiro Oubiña.